

The background features a map of Galicia, Spain, with its regional boundaries outlined in grey. Overlaid on the map are ten black silhouettes of people in professional attire, standing in a line across the center. In the center of the map, there is a red logo consisting of a stylized 'X' shape formed by a grid of small squares, with a square frame below it. At the bottom of the page, there are several flowing, wavy bands of red and orange colors.

Saídas profesionais comerciais
2009

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

Coordinación:

María Luisa Mallo Fernández
María José Cortés Jiménez

Equipo técnico:

Juan Cirilo Arnosa Casal
Berta Martínez Seijo
Ricardo Fernández López
Rosa M^a Fernández Fernández
Tomás González Mouriño
Esther Sánchez González
M^a Belén Yáñez Barge
Eva Uriach Masgoret
Mar Martínez Besada

Equipo auxiliar:

M^a Jesús Iglesias Ferreiro
María José Porto Pardiñas
Francisco de Cal Pose
Marta López Fernández

Dep. legal: C 3245-2008

Maquetación: Plana Artes Gráficas, S.L.

Imprime: Plana Artes Gráficas, S.L.

O mercado de traballo é un escenario cambiante e complexo, afectado en gran medida polas diferentes estruturas socioeconómicas que condicionan a evolución das variables laborais locais.

A realización de estudos e informes que parten da análise dos ámbitos territoriais comarcais buscan, fundamentalmente, obter unha análise máis focalizada, o que nos permite reflectir unha información máis concreta e próxima á realidade local.

Este informe, de periodicidade anual, serve de base de traballo para definir as prioridades da formación para o emprego de desempregados na nosa comunidade autónoma, tratando de acadar unha programación de cursos adaptada aos requirimentos do mercado de traballo.

A adaptación do binomio emprego-formación constitúe, pois, un obxectivo fundamental de cara a proporcionarlles aos desempregados cursos en especialidades que lles ofrezan unhas maiores probabilidades de acadar a súa inserción e/ou reinserción laboral.

Desde a Consellería de Traballo e Benestar vaise seguir traballando neste senso, co fin de fundamentar unhas políticas activas de emprego eficaces, que utilicen os recursos materiais e humanos de xeito eficiente e consigan repercutir nos galegos e galegas de xeito beneficioso.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	7
CRITERIOS METODOLÓXICOS	9
PRINCIPAIS CONSIDERACIÓNS SOBRE A ANÁLISE COMARCAL	14
ANÁLISE CONTRACTUAL DAS COMARCAS	
• A CORUÑA.....	21
• LUGO	41
• OURENSE	57
• PONTEVEDRA	71
ANEXO: NOTA TÉCNICA	83



INTRODUCCIÓN

O Instituto Galego das Cualificacións vén desenvolvendo diversos traballos dentro da denominada área do mercado laboral galego. Neste ámbito contamos con estudos que, partindo das variables representativas do mercado de traballo, realizan unha análise a distintos niveis territoriais: autonómico, provincial ou comarcal.

As continuas peticións de información actualizada xustificaron o deseño dunha aplicación web que recolle unha serie de informes de interese realizables en distintos ámbitos temporais e territoriais. Esta aplicación, de nome “Indicadores do mercado laboral”, atópase na web da Consellería de Traballo e Benestar¹ e substitúe a maior parte dos estudos do mercado de traballo emprendidos nunha primeira fase no Instituto Galego das Cualificacións. A automatización deste tipo de estudos, meramente descritivos, permitiu desenvolver, en maior medida, outro tipo de traballos de corte máis analítico que serven para difundir unha información final elaborada a través de indicadores sintéticos.

Esta liña de estudos iniciouse co informe *Saídas profesionais comarcais*, traballo que se levou a cabo nos anos 2005 e 2006 e que serviu como base para a realización de “**Datos sobre ocupacións**”² (2007), aplicación que contén información estatística referida aos grupos ocupacionais máis contratados nos ámbitos autonómico, provincial e comarcal. Dado o interese que suscitou o seu contido, a Consellería de Traballo e Benestar decidiu incluíla dentro do actual Plan Galego de Estatística.

Por outra banda, as anteriores publicacións de *Saídas profesionais comarcais* tiveron unha moi boa acollida xeral, motivo polo que o Instituto Galego das Cualificacións decidiu reelaboralo a partir do ano 2008 utilizando como traballo de base a metodoloxía e a información recollida para a mencionada aplicación.

No entanto, para ampliar e complementar a información que aparece nela, decidimos reestruturar o resultado final facendo fincapé non nas ocupacións máis contratadas nas comarcas galegas (información contida en “Datos sobre ocupacións”), senón nos grupos ocupacionais que presentan unhas **mellores perspectivas laborais**. Trátase, pois, de incidir naquelas ocupacións

¹ <http://www.xunta.es/observatorio/index.jsp>

² Apartado incluído dentro da aplicación web “Indicadores do mercado laboral”.

que mostran mellores resultados nos indicadores manexados, estean ou non entre as máis contratadas na comarca, co fin de centrar a información naquelas ocupacións que obtiveron mellor situación relativa no mercado territorial local.

Coa publicación deste traballo, o Instituto Galego das Cualificacións perseque acadar un dos seus obxectivos prioritarios: coñecer a situación e a evolución do mercado de traballo galego nos distintos ámbitos territoriais co fin de comprobar cales son as ocupacións máis representativas e proporcionar-lles esa información aos profesionais do emprego, da formación e da orientación laboral.

CRITERIOS METODOLÓXICOS

A aplicación web “Indicadores do mercado laboral”, citada na introdución, recolle o apartado de “**Datos sobre ocupacións**”, onde se fai referencia aos grupos ocupacionais máis contratados en distintos ámbitos territoriais galegos, incluíndose unha pequena análise descritiva da súa situación no mercado laboral. Así mesmo, presenta unha serie de indicadores elaborados no Instituto Galego das Cualificacións que serven non só para describir, senón tamén para estudar a tendencia, o grao de ocupabilidade e a temporalidade que presentan esas ocupacións.

Para a realización de *Saídas profesionais comarcais 2009* imos partir do ámbito territorial da comarca e da última serie temporal incorporada na mencionada aplicación: 2004/2008. O informe analizará os resultados de ***todos os grupos ocupacionais con representación contractual significativa na comarca***, seleccionando os 20 que presenten mellores resultados. Para concretar este estudo, atenderemos basicamente aos indicadores de *tendencia e ocupabilidade*.

A aplicación referencia deste traballo, “Datos sobre ocupacións”, inclúe unha *nota técnica*³ que explica polo miúdo tanto as variables como os indicadores calculados. Ademais, a súa inclusión dentro do Plan Galego de Estatística motivou a elaboración dun exhaustivo proxecto técnico que o avala e explica en detalle distintos aspectos como a información de base ou o procedemento de cálculo.

Sen entrar en aspectos máis metodolóxicos, imos definir os dous indicadores que sustentan a análise comarcal realizada nesta publicación:

³ Véxase o anexo desta publicación, onde aparece transcrita a mencionada nota metodolóxica para facilitar o seu estudo.

- INDICADOR DE TENDENCIA

Describe a evolución contractual que unha ocupación segue ao longo dun período temporal (cinco anos), referenciando a súa situación actual coa evolución media do período inmediatamente anterior.

Este indicador, unha vez calculado, clasifica os grupos ocupacionais atendendo á seguinte gradación:

Creceamento sostido	CRECEMENTO
Creceamento relevante	
Creceamento irregular	
Estabilidade positiva	ESTABILIDADE
Estabilidade irregular	
Estabilidade	
Decreceamento sostido	DECRECEMENTO
Decreceamento relevante	
Decreceamento irregular	

A análise seleccionaría todos os grupos ocupacionais que presentan un **creceamento contractual** como base inicial do traballo.

• INDICADOR DE OCUPABILIDADE

Este indicador intenta medir as posibilidades que un demandante de emprego ten de atopar traballo nunha ocupación, atendendo exclusivamente ás características que presenta un mercado de traballo territorial concreto.

Refírese a unha ocupabilidade que vén dada estritamente polas condicións do mercado de traballo (contratos e demandas de emprego), sen valorar as circunstancias persoais (experiencia previa, formación...) que determinarían o grao de empregabilidade de cada demandante.

Neste caso os resultados do indicador poden ser os que seguen:

Ocupabilidade moi alta	OCUPABILIDADE DE INTERESE
Ocupabilidade alta	
Ocupabilidade media	
Ocupabilidade baixa	OCUPABILIDADE DE BAIXO INTERESE
Ocupabilidade moi baixa	

Seleccionáronse todos os grupos ocupacionais que presentan unha ocupabilidade de interese para a análise.

Unha vez recollida e ordenada toda a información, elaboráronse uns cadros de análise para cada unha das 53 comarcas, o que nos permitiu configurar un mapa de ocupacións que presentan bos resultados nos dous indicadores citados. Os resultados globais recolléronse nunha táboa co seguinte formato:

		INDICADOR DE TENDENCIA		
		CRECIMENTO SOSTIDO	CRECIMENTO RELEVANTE	CRECIMENTO IRREGULAR
INDICADOR DE OCUPABILIDADE	OL MOI ALTA	A	C	
	OL ALTA	B	D	E
	OL MEDIA			F

A ordenación foise facendo de máis a menos contratados, primándose na súa ordenación posterior na publicación a situación que ocupaban segundo o cuadrante que lle correspondía (empezando polo A ata o F). Os cuadrantes en gris non contan con ningunha ocupación en ningunha comarca, o que resulta significativo, e comprensible, dada a metodoloxía seguida no cálculo destes.

Para a agrupación final decidimos presentar a información do seguinte xeito:

- **ÓPTIMAS PERSPECTIVAS:** Cuadrante A e B.
- **BOAS PERSPECTIVAS:** Cuadrante C e D.
- **PERSPECTIVAS IRREGULARES:** Cuadrante E e F.

En definitiva, para cada comarca encaixáronse os 20 grupos ocupacionais con maior número de contratados que, ademais, cumpren co requisito mínimo de crecemento e ocupabilidade, obtendo uns cadros que nos permiten detectar as ocupacións que presentan mellores perspectivas nos mercados laborais territoriais. Algunhas das ocupacións relacionadas coinciden, en maior ou menor medida, coas que aparecen recollidas dentro das 20 con máis contratados na comarca e outras resultan innovadoras. Esta non coincidencia serve para incidir noutras ocupacións que, aínda que non representan un volume contractual tan significativo, cumpren coas condicións precisas para ser consideradas ocupacións relevantes pola súa traxectoria nos últimos cinco anos.

Esta análise non resulta concluínte, como toda análise meramente cuantitativa, aínda que si pode resultar útil ao dar unha visión máis sintética do mercado de traballo, podendo servir como base para emprender outros estudos máis cualitativos que determinen o grao de significación real destas nas distintas comarcas galegas.

• OUTRAS CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS

- ❖ O número mínimo de contratados necesario para a súa consideración nesta análise varía segundo a comarca, de xeito que, en moitos casos, o volume contractual co que traballamos é pouco representativo na creación de emprego, aínda que en termos relativos apareza como relevante.
- ❖ Os grupos de ocupacións con compoñente artística (valla como exemplo o recorrente grupo de compositores, músicos e instrumentistas) non son considerados neste traballo, xa que a súa propia connotación específica non os converten en saídas profesionais tradicionais. O resto dos grupos, sen excepción, entran na consideración analítica, aínda que algúns referidos a sectores como educación fagan referencia expresa ao emprego público e non tanto á creación de emprego local.
- ❖ O mapa que acompaña cada comarca serve non só para coñecer visualmente os concellos que integran cada comarca, senón tamén para *resaltar o peso que cada concello ten con respecto á contratación comarcal.*

PRINCIPAIS CONSIDERACIÓNS SOBRE A ANÁLISE COMARCAL

A. Principais conclusións xerais

O primeiro dato salientable é a **diversidade dos mercados de traballo locais**, vinculada ás propias características socioeconómicas de cada ámbito territorial galego. Resulta complicado establecer conclusións que sirvan para caracterizar de forma xeral os diferentes resultados comarcais debido ás múltiples casuísticas que conforman os 53 resultados que presentamos neste informe.

Así mesmo, o feito de analizar os grupos ocupacionais con mellores resultados relativos e non os de maior contratación fai que xurdan **novas ocupacións de interese**, algunhas delas vinculadas aos novos filóns de emprego: empregados de coidado de nenos; asistentes domiciliarios (nas áreas non metropolitanas) e os animadores comunitarios (áreas metropolitanas).

Se incidimos nos resultados obtidos da análise comarcial, debemos facer fincapé en que **máis da metade, o 51%, dos espazos territoriais estudados** (27 comarcas) presentan un conxunto de 20 ocupacións clasificadas nas tres gradacións de perspectivas de emprego consideradas: óptimas perspectivas (crecemento sostido), boas perspectivas (crecemento relevante) e perspectivas irregulares (crecemento irregular).

As 26 comarcas restantes presentan dous tipos de situacións que remarcamos, tanto pola boa situación que mostrarían (tipo 1) como, pola contra, por reflectir a situación dun mercado de traballo máis irregular (tipo 2)⁴:

Tipo 1: Un primeiro grupo de comarcas con bo resultado son as que presentan **crecemento sostido ou relevante para os 20 grupos ocupacionais salientados**:

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
A Coruña	Lugo	Ourense	O Salnés
Ferrol			Pontevedra
Santiago			Vigo

⁴ Na anterior edición de *Saídas profesionais comarcais* aparecía unha terceira tipoloxía que recollía as comarcas en que os **vinte grupos ocupacionais contan con óptimas perspectivas** (crecemento sostido). Nesta nova edición ningunha comarca conta cunha situación tan desexable.

Este grupo conta con máis ocupacións de crecemento relevante, pero aparecen escollidas aquelas con mellor resultado relativo e máis contratación. Como podemos apreciar, concéntranse nas comarcas que conteñen as 7 áreas metropolitanas e mais O Salnés.

Tipo 2: Por último, atopamos comarcas que non contan con **ningunha ocupación destacada con crecemento sostido e contratación significativa**, aparecendo unicamente grupos ocupacionais con boas perspectivas e perspectivas irregulares:

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Arzúa	A Fonsagrada	Allariz-Maceda	A Paradanta
Ordes	Meira	Terra de Caldelas	Caldas
	Quiroga	Terra de Trives	O Baixo Miño
	Chantada	O Carballiño	O Condado
	Sarria	A Limia	
		Baixa Limia	
		Viana	

Precisamente neste bloque é onde se encontran a maior parte dos resultados menos significativos, ao facer referencia, nalgúns casos, a volumes contractuais moi pouco relevantes. Lugo e Ourense son as que contan con máis representación neste sentido.

Pontevedra non contaba con ningunha comarca neste grupo na anterior edición de *Saídas profesionais comarcais*, mentres que este ano conta con catro comarcas dentro desta tipoloxía.

Por outra banda, a tipoloxía tipo 2 contaba na anterior edición con oito comarcas cando agora aparecen dezoito. Cómpre salientar que, no entanto, mellorarían a súa situación relativa as comarcas de Muros e Verín.

B. Breve comparativa entre os resultados das comarcas metropolitanas co resto das comarcas galegas

Consideramos oportuno tratar de extraer conclusións distinguindo entre os resultados das sete comarcas metropolitanas (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) comparativamente ao resto das comarcas galegas, ao entender que as características socioeconómicas e demográficas destas constitúen de seu unha importante diferenciación que xustifica unha análise desagregada:

1. Como primeiro apunte hai que destacar que se aprecia de xeito xeral **unha maior presenza de traballo cualificado nas áreas metropolitanas**, pero con resultados moi desiguais. Debemos destacar neste sentido que o que si se aprecia é a existencia de traballo cualificado nalgunha área metropolitana pero moi específico para cada unha delas, o que non permite extraer conclusións xeneralizadas para o conxunto⁵ (agás no caso dos educadores sociais que aparecen destacados en catro das áreas metropolitanas).
2. A actual situación económica repercute claramente na caída do emprego da construción e en sectores habituais como o de transporte e comunicacións, e o comercio (aínda que este último segue presente nas áreas non metropolitanas).
3. Seguindo con esta liña de análise, imos tratar de sinalar aquelas ocupacións que aparecen con mellores perspectivas⁶ en ambos os dous planos territoriais de análise, tratando de aglutinar os resultados parciais (destacamos en negra aqueles grupos ocupacionais onde atopamos coincidencia):

⁵ Especialmente destacable é o caso de Santiago, onde aparecen moitas ocupacións relevantes de alta cualificación, especialmente na rama de informática; tamén destacan, aínda que en menor medida, Vigo e A Coruña, e a comarca de Ferrol, sobre todo na área sanitaria.

⁶ Por mellores perspectivas entendemos aqueles grupos ocupacionais máis repetidos polo seu crecemento sostido ou relevante nas distintas comarcas galegas.

OCUPACIÓNS DESTACADAS CON MÁIS FRECUENCIA

ÁREAS NON METROPOLITANAS	ÁREAS METROPOLITANAS
<ul style="list-style-type: none"> • Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente • Persoal de limpeza de oficinas, hotéis (camareiras de piso) e outros establecementos similares • Cociñeiros e outros preparadores de comida • Outros diversos profesionais do ensino • Camareiros, barmans e asimilados • Asistentes domiciliarios • Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados • Empregados para o coidado de nenos • Peóns agrícolas • Condutores de maquinaria de movementos de terra e equipos similares • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns 	<ul style="list-style-type: none"> • Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente • Outros diversos profesionais do ensino • Auxiliares administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente • Cociñeiros e outros preparadores de comida • Animadores comunitarios • Secretarios administrativos e asimilados • Educadores sociais • Camareiros, barmans e asimilados • Empregados para o coidado de nenos • Outros traballadores das obras estruturais da construción • Montadores de estruturas metálicas • Peóns forestais

A partir da relación anterior podemos extraer unha serie de comentarios centrándonos tanto nas similitudes como nas diferenzas:

Grupos ocupacionais coincidentes:

- ❖ A hostalaría aparece representada tanto nos **“cociñeiros e outros preparadores de comida”** como nos **“camareiros, barmans e asimilados”**, ocupacións fortemente demandadas por un mercado de traballo que solicita persoal máis profesionalizado, aínda que con respecto ao resultado do ano anterior parece decaer lixeiramente a presenza dos camareiros, mentres que aparece fortalecida a rama de cociña.
- ❖ **“Empregados para o coidado de nenos”** aparece destacada en ambos os dous ámbitos territoriais, consolidándose como unha ocupación con boas perspectivas laborais e mellorando a súa situación con respecto á do ano anterior. Pola contra, os técnicos de educación infantil perden presenza en termos xerais.
- ❖ **“Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente”**; en sentido estrito este grupo fai referencia aos axentes xudiciais e/ou alguacís, no entanto, a inexistencia dun código SISPE que faga referencia expresa a **“auxiliar administrativo”** fainos supoñer que son rexistrados neste grupo ocupacional os contratos referidos a esta ocupación e non tanto as referidas aos axentes xudiciais.
- ❖ **“Outros diversos profesionais do ensino”**; este grupo ocupacional ten unha importante presenza xeneralizada. Fai referencia a orientadores escolares e formadores ocupacionais e vaise consolidando nos diferentes mercados laborais comarcais.

Diferenzas que cómpre destacar:

- ❖ No que respecta aos **servizos á comunidade e persoais**, nas áreas non metropolitanas inciden especialmente a ocupación de “asistentes domiciliarios” (sobre todo presente nas provincias de Lugo e Ourense, zonas onde o envellecemento cobra unha especial relevancia), mentres que nas áreas influídas polas sete cidades galegas destacan tanto os “animadores comunitarios” como os “educadores sociais”.
- ❖ O **sector da construción** apenas aparece reflectido, situación que xa se empezou a intuír no ano anterior, motivada pola actual crise do sector. En calquera caso, si cómpre salientar como nas áreas metropolitanas aparece destacado o grupo de “outros traballadores das obras estruturais da construción” fronte ao de “condutores de maquinaria de movementos de terra e equipos similares”, que ten certa presenza nas áreas non metropolitanas.
- ❖ O **sector agrario** cobra un certo protagonismo perdido en anos anteriores e aparece destacado nos dous ámbitos territoriais, aínda que en ocupacións diferentes: os “peóns agrícolas” e os “traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns” aparecen dentro das ocupacións máis destacadas nas áreas non metropolitanas; os “peóns forestais”, pola contra, aparecen salientados nas áreas das sete grandes cidades (Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Pontevedra).
- ❖ A familia de **Administración e xestión** aparece máis representada nas áreas metropolitanas, tanto nos comentados “auxiliares administrativos”, con ou sen atención ao público, como nos “secretarios administrativos e asimilados”.
- ❖ As **ocupacións máis habituais**, pola súa contratación, obteñen mellores resultados relativos na listaxe das áreas non metropolitanas: “dependente de comercio” e “persoal de limpeza”. Nas metropolitanas aparecen destacados os “montadores de estruturas metálicas” (Santiago, Lugo, Vigo e Ferrol).

C. Caracterización da situación nas sete grandes cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol

Por nivel de cualificación:

A presenza dos educadores sociais é o dato máis homoxéneo nos resultados descritos. Apreciamos unha maior diferenciación do emprego cualificado, destacando especialmente a comarca de Santiago (informática, bioloxía e os educadores sociais), Vigo (organización e dirección de empresas, técnicos en físicas, químicas e enxeñarías, e educación infantil) e A Coruña (informática, electricidade e educadores sociais). En Ferrol destaca a rama sanitaria e educativa, salientándose tamén esta última en Ourense.

Análise por familias formativas:

As familias profesionais máis presentes no conxunto das áreas metropolitanas son as de “Administración e xestión”, “educación”, “servizos á comunidade e persoais” e “hostalaría e turismo”.

Como novidade podemos destacar tamén a relevancia doutras ramas produtivas, como a fabricación mecánica e o sector forestal, que tamén sobresaen no conxunto das comarcas.

O ciclo recesivo da construción segue patente, aparecendo destacada unicamente a ocupación de “outros traballadores das obras estruturais da construción” e, en menor medida, a de “peón de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares”.

En definitiva, se dentro das áreas metropolitanas atopamos diferenzas significativas, o certo é que o mercado laboral galego mostra distintas perspectivas laborais, fundamentadas nas propias características socioeconómicas que configuran, e condicionan, o desenvolvemento dos mercados de traballo comarcais.